



Concello
da Estrada



SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. TEMPADA 2019-2020. ACTIVIDADE FEDERADA.

O Concello da Estrada, por medio da Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá, abre a solicitude para a cesión das INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, para a tempada 2019-2020, a todos aqueles clubs federados, asociacións e entidades deportivas e deportistas federados empadroados no Concello da Estrada.

As instalacións deportivas municipais obxecto desta solicitude son:

- 1.- Campo de Fútbol Novo Municipal.
- 2.- Campo de Fútbol de Calobre.
- 3.- Campo de Fútbol Manuel Regueiro.
- 4.- Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.
- 5.- Pavillón Multiusos. Pista 1 e pista 2.
- 6.- Pavillón CEIP Pérez Viondi, Figueroa, Vea, Foxo, Codeseda e Oca
- 7.- Pistas de Tenis Municipais.
- 8.- Sala de Musculación Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.

NOME DO CLUB/ENTIDADE/ASOCIACIÓN/DEPORTISTA _____

ENDEREZO _____

CIF/DNI: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

Nº REXISTRO MUNICIPAL DE CLUBS: _____ Nº DE EQUIPOS DO CLUB: _____
(A cubrir polo departamento de deportes)

INSTALACIÓN SOLICITADA: _____

ESPECIFICAR DÍAS E HORARIOS: _____

ACTIVIDADE/COMPETICIÓN REGULAR NA FIN DE SEMANA: SI NON

OBSERVACIÓNS: _____

A Estrada, _____ de _____ de 2019

SINATURA E CUÑO:

INFORMACIÓN A CONSIDERAR POLOS SOLICITANTES

- 1.- **Prazo de solicitude: Dende o día 22 de xullo ata o día 31 de xullo de 2019.**
- 2.- **Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral Concello da Estrada.**
- 3.- Terán carácter preferente no uso das instalacións os programas deportivos municipais e as actividades e competicións de carácter federativo. **A concesión dunha franxa horaria unha tempada, en calquera instalación, non implica que esa mesma sexa concedida ao ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude;** as concesións serán única e exclusivamente para a tempada 2019-2020.
- 4.- Con independencia ao proceso de solicitude oficial de instalacións para a tempada 2019/2020, **aquelas entidades que precisen** —por razóns de calendario de competición ou causas debidamente xustificadas—, **iniciar os seus adestramentos antes do luns día 12 de agosto deberán de comunicar por escrito ao Departamento de Deportes do Concello da Estrada, as súas necesidades** co fin de poder atendelas, en función das instalacións e dos horarios dispoñibles.
- 5.- En función do número de solicitudes e dependendo das datas de remate e vacacións do curso escolar, de competicións, torneos e programas deportivos organizados polo Concello da Estrada e das datas de competicións de ligas oficiais de deportes federados, **o Concello da Estrada poderá reducir, alterar ou variar os períodos de utilización de instalación solicitados**, previo aviso os clubs afectados.
- 6.- Segundo os criterios de número de equipos do club, categoría na que participen e antigüedad, tentarase dar cobertura como mínimo, o mesmo número de equipos dos que dispuxo o club durante a tempada pasada. As solicitudes de maior número de horas atenderanse segundo a carga e a dispoñibilidade da instalación. **Pregamos que as solicitudes sexan reais** e se axusten as verdadeiras necesidades de cada solicitante, para poder optimizar o uso das instalacións.
- 7.- Todas **aquelas solicitudes que non se presenten dentro do prazo, atenderanse unha vez realizado o cadrante de horarios de cada instalación, e dentro das dispoñibilidades existentes.**
- 8.- **Os horarios asignados estarán vixentes dende o 1 de Setembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020.** Aqueles clubs que despois de esa data aínda sigan cos adestramentos por estar en período competitivo, deben de comunicarllo o Departamento de Deportes para poder seguir utilizando a instalación correspondente.
- 9.- O Departamento de Deportes do Concello da Estrada, dará a coñecer os horarios asignados nunha reunión con todos os solicitantes nunha data por confirmar e previa comunicación.